




A PASTORA-RÍO UMIA

Adela Leiro, Mon Daporta
Novembro 2018



Distancia: 3,5 km (circular) + 5 (ida e volta, polo río)

Dificultade: baixa



Propoñemos unha camiñada entre o monte da Pastora e o esteiro do Umia para coñecer un pequeno cumo que foi castro, unha parte do rural do concello de Cambados, as Ruínas da igrexa de Santa Mariña e as xunqueiras do Umia, un espazo de enorme valor ecolóxico protexido no LIC "Ons-O Grove".

O roteiro transcorre entre cultivos, especialmente plantacións de albariño, e unha variada vexetación de espazos húmidos e forestais. Destaca a presenza de aves acuáticas no esteiro.

PERCORRIDO

Plantexamos un tramo circular combinado cun tramo lineal polo río, que se poden facer á vez ou por separado. Como inicio ou remate do roteiro podemos visitar o **cemiterio e as ruínas da Igrexa de Santa Mariña** ou o **Museo Etnográfico e do Viño**.

Comezamos o percorrido no **monte da Pastora**, desde onde podemos contemplar as vistas da contorna e dos espazos por onde transcorre o roteiro: a vila de Cambados, o val e a desembocadura do río Umia, a ría de Arousa, o val do Salnés co Castrove de fondo... Baixamos e, pasando ao pé do cemiterio collemos un cruce á dereita e logo á esquerda, continuando pola estrada ata o final da zona asfaltada, e despois por unha pista de terra que se desvía á dereita, ata chegar ao **río Umia**. Seguimos cara á esquerda pola beira do río, cruzamos pola pasarela de madeira e seguimos a ruta por camiños e carreiros ata a **ponte de Covas de Lobos**. Volvemos polo mesmo camiño e continuamos pola beira ata un pouco antes de chegar á **ponte da Barca**, onde nos desviamos á dereita por unha estrada asfaltada. A uns 100 m podemos optar por continuar pola estrada ou subir por un camiño á dereita que gaña altura e cruza o monte (está moi abandonado).



Miradoiro do "Calvario" no monte da Pastora e sobreira centenaria.

O monte da Pastora está situado ao leste da vila de Cambados. Desde o cumo (58 m de altitude) vese a Ría de Arousa, o esteiro do Umia e parte de Cambados e o val do Salnés. É de propiedade municipal e particular e nunha boa parte está acondicionado como área de lecer, cun pequeno parque infantil, un miradoiro, unha capela dedicada á Virxe Pastora e un centro da terceira idade. É lugar tradicional de romería e paseo para a xente de Cambados. Noutros tempos chamábase castro de Santa Mariña. Conserva restos de valados castrexos e hai vestixios que indican que estivo poboado no neolítico.

Consérvanse algunhas lendas e contos.

-Contan que no monte da Pastora viviron os mouros e desde alí dirixían as manobras que se facían na Torre de San Sadurniño.

-Din que hai unha cova que vai desde o Monte da Pastora ata a Toxa pasando por debaixo da Torre, pero que rompeu o túnel e agora está anegado.

-Hai un túnel que chega ata América, pero non se pode pasar por el porque nas covas que hai viven os mouros.

-Contan que cando o Demo tentou a Xesús subeuno ao Calvario (parte alta da Pastora, cuns cons moi grandes) e ao ver a riqueza da zona díxolle: "*Todo esto te daré, menos Fefiñans, Cambados e San Tomé*".



Camiño de entrada na Pastora



Ermida da Pastora

Construída a finais do século XVI por María d'Alegria. Foi dedicada ao Bo Pastor e á Virxe das Neves, ata que no século XVIII o ermitán Sr Luaces cambiouna pola Virxe Pastora.



Vista desde A Pastora cara ao Castrove no abreinte



Vista desde a Pastora cara ao val do Umia



Miradoiro no cumo da Pastora



Vista desde a Pastora cara a Cambados e o porto de Tragobe. Ao fondo a illa e a ría da Arousa



Vista desde a Pastora cara a Cambados e a ría de Arousa.
No centro as ruínas de Santa Mariña

Ruínas da igrexa de Santa Mariña Dozo, na actualidade cemiterio parroquial de Cambados. De estilo gótico mariñeiro, foi construída no século XV sobre os restos dunha anterior e derrubouse a mediados do XIX, conservándose na actualidade os arcos nun difícil equilibrio.

Foi declarada Monumento histórico-artístico en 1943.





Camiño pola beira do Umia

RÍO UMIA

Nace nas abas do Candán e de, despois de 70 km de percorrido desemboca na Ría de Arousa, entre Cambados e Ribadumia formando un amplo esteiro e unha enseada dun enorme valor ecolóxico.


Os esteiro forma parte do LIC "Ons-O Grove", da ZEPA "Umia-O Grove" e está acollida ao convenio RAMSAR.




Esteiro do Tombelo, un afluente do Umia que ven de Vilaríño



Vista do Umia e da Ponte da Barca desde o Monte do Rei



Unha femia de rascón (*Rallus aquaticus*) coas crías



Dúas vista de Umia ao abrente



Garza real (*Ardea cinerea*)